

Funeral Papa Francisco

Queridos irmáns,

Reunímonos hoxe para ofrecer esta Santa Misa de funeral polo eterno descanso do noso Papa Francisco.

A nosa fe dinos que cando celebramos a santísima Eucaristía está sempre presente a Igrexa enteira, a universalidade dos fieis, vivos e defuntos; porque na comunión do Corpo de Cristo resúmense todos os dons. E así, na máis humilde celebración eucarística únense ceo e terra, está presente Deus mesmo, o Señor Xesús e a obra da salvación do mundo.

Hoxe aquí está significada tamén visiblemente a unidade de todos os fieis, que xorde e é froito culminante da Eucaristía, do don do Señor, e que se realiza sempre nun lugar, nunha Igrexa particular, como manifesta hoxe esta celebración. Nela entramos na plena comunión de toda a Igrexa, na que non existen fronteiras, nin discriminación algunha por motivo de raza, cultura ou condición social. Pois ben, ser principio e fundamento visible desta unidade universal é o ministerio propio do sucesor de Pedro, que foi encomendado a Francisco.

A unidade dos fieis é froito do don do Señor, da súa morte para o perdón dos pecados e da súa resurrección, pola que nos dá un Espírito novo, o seu, de verdade e de amor. O papa Francisco proclamou desde o inicio esta prioridade radical, este “primerear” do Señor Xesús, que se entrega por aquilo que, en cambio, é o máis facilmente deixado a un lado no mundo: o corazón sinxelo, pobre, aberto a Deus e aos irmáns, que sabe ver a quen está ao carón no camiño, especialmente se está canso ou ferido; o corazón que dá o valor primeiro á verdade, á xustiza, á misericordia, que non se vende por un prato de lentellas, senón que confía no Señor e quere gardarse fiel a El.

Esta certeza dominaba o ánimo e a palabra de Francisco: a prioridade do pobre de corazón, da persoa na súa verdade e sinxeleza. O amor do Señor fixo brillar para sempre esta dignidade primeira da persoa, que, convertida en criterio de vida e de acción, é o ben máis grande, cheo de fecundidade verdadeira, capaz de xerar humanidade, a cultura dun pobo, e de salvagardala. Defender ao “pobo santo de Deus”, comprender a fe como xeradora de cultura, de vida, de realidade popular, foi parte esencial e característica do labor pastoral de Francisco.

El non se cansou de convidar á Igrexa para mirarse a si mesma desde a cruz de Cristo, lugar do máis pobre, e a entender a súa misión desde as "periferias" sociais e existenciais e non a partir dos centros de poder deste mundo.

E quixo poñer no centro igualmente a unidade visible dos fieis, a realidade constatable deste Pobo de Deus, ao que quixo dar a preferencia sempre.

Esta unidade de la Igrexa, como fraternidade vivida e católica, de vocación universal, é expresión culminante do don do Señor, que venceu a incredulidade e a obstinación, que perdoou os pecados e superou o odio e as divisións co seu Espírito de caridade.

A Igrexa foi desde o inicio comunidade de discípulos –que seguen ao seu Mestre, a Xesús–, enviados ao mundo polo Señor, e por tanto como "discípulos misioneiros". Existiu sempre como comunidade de rostros e nomes concretos, compañía real, que o Señor Xesús conformara durante a súa vida pública e reconstituíu de forma definitiva tras a súa resurrección.

Desta fraternidade "apostólica", que vén de Xesús, fálanos sempre o sucesor de Pedro. A esta "comuñón", a esta "Igrexa" nada en Galilea e en Xerusalén, pertencemos; a aquela que Xesús encomendou a Pedro e aos Doce, á que segue celebrando o memorial instituído na Última Cea, goza do don do Espírito Santo e garda a esperanza da vida eterna.

O papa Francisco puxo gran insistencia en promover esta "unidade vivida" dos fieis cristiáns, dos bautizados. Convidounos sistematicamente a "camiñar xuntos", escoitando docilmente a Palabra de Deus e escoitándonos tamén uns a outros, permanecendo apegados á realidade, sen escapar das dores de ninguén; para procurar logo discernir tamén xuntos a resposta xusta, a acción adecuada, a maneira de vivir segundo a fe, e acompañarnos, consolarnos e coidarnos mutuamente.

Esta invitación segue resoando, como unha verdadeira prioridade para a Igrexa. De feito, tráenos á memoria o que somos e quizá descoidamos, o que os nosos maiores viviron ata fai ben pouco como unha evidencia: unha fe compartida nos fogares, as casas, as aldeas, as parroquias, nas alegrías e as penas.

Non esqueceremos esta exhortación do papa Francisco, que nos convidou con forza a respectar a propia tradición, a nosa relixiosidade popular, a coidar a forma na que a fe se fixo vida e cultura na nosa terra.

Non esqueceremos o súa ensinanza sobre a prioridade do Evanxeo, da vida e a misión da comunidade cristiá; a súa insistencia en que, sobre todo no noso mundo occidental, habemos de saber renovar formas envellecidas e poñer en cuestión dependencias socioculturais que xa non serven á vida da Igrexa, que xa non axudan a entrar en diálogo cunha sociedade de cambios profundos, con xentes e linguas que veñen doutros continentes e outras terras.

Hoxe encomendamos ao papa Francisco ao abrazo misericordioso do Señor, que lle veu ao encontro, como na vocación de Mateo, miserando et eligendo. Este foi para el sempre o don primeiro, o principio e fundamento. En realidade, o é para todos os que somos fieis cristiáns, coñecido cada un de nos polo seu nome, cunha propia vocación e misión nesta vida. Que o legado de Francisco nos dea a todos audacia para confiar realmente no amor do Señor e afrontar con liberdade de corazón os desafíos da nosa época cambiante.

Cando celebremos cada domingo a Eucaristía, saberémonos, como sempre, na gran comunión de vivos e defuntos, do Corpo de Cristo. Nela estará Francisco, polo que rezaremos e que, chegado a termo, intercederá por nós.

Hoxe presentamos ao Pai a alma, a vida e o ministerio de Francisco, uníndoo ao don de si realizado por Cristo na cruz para a salvación de todos. É a mellor maneira de expresar o noso agarimo, o noso desexo do seu ben definitivo, de que Deus premie todos os seus traballos a favor da Igrexa, e de darlle grazas a Deus polo don da súa persoa e o seu ministerio.

Pidamos finalmente á Virxe María que interceda polo seu fillo Francisco, como avogada súa; que o seu amparo materno o acompañe ao ser presentado ante o Señor, que na cruz quixo dárnola a todos e, por tanto, a el, a Francisco, como nai.

E pidamos que volva os seus ollos de misericordia tamén a nós, ao seu Pobo, que peregrina na esperanza; para que o Señor nos garde sempre na fe e nos dea a graza e os dons do seu Espírito, para que saibamos vivir unidos na caridade, permanecendo na comunión visible da Igrexa, na que, por providencia divina, nunca faltará o ministerio do Sucesor de Pedro.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo